



Concello de Arbo

BASES IV CERTAMEN FOTOGRAFICO “ARBO, NA TÚA MIRADA – LXIV FESTA DA LAMPREA”

1.- Obxectivo e finalidade do concurso:

O Concello de Arbo convoca o **IV CERTAMEN FOTOGRAFICO “ARBO, NA TÚA MIRADA – LXIV FESTA DA LAMPREA”** para dar a coñecer os recursos turísticos que este municipio pode ofrecer, así como a Festa da Lamprea, declarada de Interese Turístico Internacional no ano 2023, e que se atopa prevista para os días 26, 27 e 28 de abril de 2024.

O obxectivo do concurso non é outro que premiar as mellores instantáneas, as máis espectaculares e orixinais realizadas por calquera persoa en calquera punto deste concello.

2.- Participantes:

Poderán participar neste certame fotográfico todas as persoas maiores de idade, de calquera nacionalidade que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, sempre que os seus traballos axústense ás bases do mesmo.

3.- Tema:

As fotografías deben estar realizadas nalgún punto do termo municipal de Arbo, con plena liberdade para editalas como prefiran os e as concursantes.

A temática é libre, sempre que estea vinculada directamente cos valores turísticos, patrimoniais, naturais, socioculturais, ambientais..... de Arbo

3.- Envío de fotografías.-

Os que desexen participar no certame, deberán enviar as fotografías ao correo electrónico oficinas.concellodearbo@gmail.com

No correo remitiranse os seguintes datos.

- Título da obra;
- Número da fotografía
- Nome e apelidos do autor
- D.N.I. do participante
- Domicilio e teléfono de contacto





Concello de Arbo

- Correo electrónico dos participantes (e-mail).
- Declaración xurada da aceptación das bases do concurso e cesión dos dereitos das fotografías a favor do Concello de Arbo

O Prazo límite de presentación é o 4 de marzo e a votación será dende ó 6 de marzo ata o 8 de marzo ás 14:30horas

4. Características das fotografías.-

As imaxes participantes deberán incorporar unha identificación do seu autor/a (nome e apelidos ou un sobrenome) e deberán ter unha referencia ao lugar de Arbo na que foi realizada. É opcional o engadir calquera información ou comentario que se desexe.

As imaxes deberán ser necesariamente orixinais, inéditas non sendo presentadas e/ou premiadas noutros certames ou concursos.

As imaxes poderán ser en cor ou branco e negro.

Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías en cada modalidade. O contido das mesmas necesariamente estará relacionado co tema do concurso.

As fotografías deberán ser propiedade do autor que as presente ao certame.

5.- Premios:

Establécense os seguintes premios para as fotografías con máis like no Facebook da Festa da Lamprea

PRIMEIRO PREMIO: Un paquete turístico: Unha fin de semana en Arbo para dúas persoas, que estaría formado por visita a unha das adegas de Arbo, visita ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo", un vale para practicar deporte de aventura no Rio Miño. Comida nun dos restaurantes de Arbo e para rematar a xornada dirixiríanse a unha das casas rurais con cea e almorzo.

SEGUNDO PREMIO: Un paquete turístico para dúas persoas, que estaría formado por visita a unha das adegas de Arbo, visita ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo", un vale para practicar deporte de aventura no Rio Miño. Comida nun dos restaurantes de Arbo





Concello de Arbo

TERCEIRO PREMIO: Un lote de viño das adegas de Arbo. Dúas Botellas de Espumosos das adegas de Arbo e Unha botella de Bagazo das adegas de Arbo

CUARTO PREMIO: Un lote de viño das adegas de Arbo. Dúas Botellas de Espumosos das adegas de Arbo e Unha botella de Bagazo das adegas de Arbo

QUINTO PREMIO: Un lote de viño das adegas de Arbo. Dúas Botellas de Espumosos das adegas de Arbo e Unha botella de Bagazo das adegas de Arbo

Os autores premiados comprométense a recoller os premios no acto da Gala da Lamprea e cuxa data se comunicará aos premiados. No caso excepcional e xustificado de non poder asistir ao acto, o premiado poderá nomear a unha persoa no seu lugar para recoller o premio.

O día e lugar da Gala, estará dentro das actividades programadas nos actos da Festa da Lamprea e que será debidamente notificado aos gañadores.

Para a verificación da identidade dos/ as gañadores/ as, requirirase documento de identificación (DNI, NIE, pasaporte,...) no caso de coincidencia do seu nome de usuario na rede social e nome real.

En caso de utilizar un nick distinto ao nome real, deberá acreditarse a identidade mediante o ingreso no usuario premiado co uso dalgún dispositivo móbil no momento da entrega de premios.

6.- VOTACIÓN:

As fotos recibidas en tempo e forma, serán subidas ao facebook da Festa da Lamprea de Arbo, e serán sometidas a votación.

Para a selección das mellores fotos serán tidos en conta o número de 'gústame' alcanzados antes do final do prazo de votación. .

Para votar como público, bastará con facerse seguidor da páxina de Facebook da Festa da Lamprea e darlle a 'gústame' nas fotos que se queira. As cinco fotos con máis votos serán declaradas gañadoras do certame.

Votación: dende ó 6 de marzo ata o 8 de marzo ás 14:30horas





Concello de Arbo

7.- Traballos presentados:

As propostas presentadas e premiadas quedarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que se desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte dos convocantes, sen que iso conleve dereito de retribución algunha para os concursantes.

O Concello poderá efectuar cantas reproducións sexan necesarias do cartel que obteña o premio e difundilo, sen que polo seu autor pódase evocar algún tipo de dereito ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte del para realizar material relacionado coa festa.

De igual maneira, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existise algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nas bases.

Cada participante do concurso garante a autoría e orixinalidade das fotos que remita, e que as mesmas non constitúen copia, nin modificación total ou parcial de ningunha obra ou elemento preexistente ou que de calquera modo infrinxa os dereito de terceiros, así como que non se achan sometidas a ningunha outra promoción resolta ou pendente de resolución que limite a participación noutros concursos. Neste sentido os participantes asumen plena e exclusiva responsabilidade pola participación que realizan e comprométese a manter indemne ao Concello de Arbo, fronte a calquera reclamación de terceiros que traia causa da vulnerabilidade das presentes garantías.

Polo mero feito da súa participación, cada participante cede ao Concello de Arbo os dereitos de explotación sobre as fotografías (reprodución e comunicación pública) e autoriza a esta entidade para canto resulte necesario no desenvolvemento deste concurso, publicación en web e redes sociais, así como a súa exhibición en pantallas, exposicións, etcétera, sempre que se indique o nome, alias, sobrenome ou nick, segundo indique o/a participante que as remitiu. Dita autorización concédese con expresa facultade de cesión a terceiros e sen limitación xeográfica ou en canto a sistemas ou formatos.

O concello de Arbo resérvase o dereito de utilizar ou non as fotos participantes ou gañadoras.





Concello de Arbo

As persoas gañadoras consente expresamente na utilización do seu nome e os seus apelidos na forma e medios que os organizadores do concurso estimen conveniente para dar a coñecer a súa condición de gañador ou participante neste concurso.

8.- Publicidade:

A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse na web da festa da lamprea (www.festadalamprea.gal), nas redes sociais do mesmo e nas redes sociais da Festa da Lamprea.

9.- Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios de comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento.

No caso de que os participantes no concurso facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo,





Concello de Arbo

previamente á súa inclusión deberán informar as persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>)

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

7.- Normas finais:

As fotografías non poderán ser contrarias á lei, á protección da infancia, á dignidade da muller, á honra, á intimidade ou á propia imaxe de persoas ou entidades. Neste sentido, e sen prexuízo da exclusiva responsabilidade da persoa autora das fotografías, a organización do concurso resérvase o dereito de retirar e/ou denegar a participación neste concurso daquelas fotografías sobre as que se constate, ou razoablemente sospéitese, que incumpre este requisito.

O feito de participar neste concurso, o autor da fotografías autoriza a exhibición e publicación das mesmas na exposición e edicións que teñan lugar con motivo do mesmo

As obras presentadas pasarán a ser propiedade do Concello de Arbo, que se reserva todos os dereitos sobre as mesmas e poderá utilizalas posteriormente con fins culturais, artísticos ou publicitarios.

A organización poderá publicar as fotos e os nomes das persoas gañadoras polos medios que estime oportuno.

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

El Alcalde. Horacio Gil Expósito. Firma Electrónica.

